



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Arzádegos – Vilardevós, 1981
Informantes: Felipa (45); Concha (48)
Compiladora: Dorothe Schubarth
Transcripción: Dorothe Schubarth*

30 [3] [1]
♩ = 60 (Narrativa)

Arzádegos, *Vilardevos*. Marzo 1981.

Eu xun- guín os meu bol- cí- ños ch mi- ña vi- da
e jun- me coe- les á a- ra- da vi- da del al- ma. (→)

Vilardevós I,1,135. Felisa 45; Concha 48.
L: 238c.

*Transcripción orixinal de Dorothe Schubarth publicada no Cancioneiro Popular Galego, recollido por Dorothe Schubarth e Antón Santamarina, vol 1, tomo 1, p. 61, editado pola Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, no 1984



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

- | | |
|--|--|
| 1. Eu xunguin os meus boiciños
e funme coeles á arada | <i>oub miña vida
vida del alma</i> |
| 2. e no medio do camiño
olvidóuseme a aghillada | <i>oub miña vida
vida del alma</i> |
| 3. deille volt'ós meus boiciños
e volvín por ela a casa | <i>oub miña vida
vida del alma</i> |
| 4. i ó chegar ó pé da porta
estabam'a porta pechada | <i>oub miña vida
vida del alma</i> |
| 5. ábrem'a porta, muller,
que volvín pola aguillada | <i>oub miña vida
vida del alma</i> |
| 6. eu a porta non cha iabro
qu' estou faguendo a colada | <i>oub miña vida
vida del alma</i> |
| 7. i eu entrei e fun entrando,
senteime ond'acostumbraba | <i>oub miña vida
vida del alma</i> |
| 8. como tiñ'os ollor ghrandes
toda a casa columbiaba | <i>oub miña vida
vida del alma</i> |
| 9. que ié aquilo muller
qu'anda debaixo da cama | <i>oub miña vida
vida del alma</i> |
| 10. é o ghato do convento
que anda trar da nosa ghata | <i>oub miña vida
vida del alma</i> |
| 11. trai acá aquela 'spingharda
que ll' hei dar unha chumbada | <i>oub miña vida
vida del alma</i> |
| 12. non fagas iso meu home
que var derrama-la cama | <i>oub miña vida
vida del alma</i> |
| 13. quén te dera oh meu home
arriba naquela sala | <i>oub miña vida
vida del alma</i> |
| 14. cos pèciños amarelos
e a cariña amortaxada | <i>oub miña vida
vida del alma</i> |
| 15. ieu vestidiña de luto
chorando de mala ghana | <i>oub miña vida
vida del alma</i> |
| 16. pra que dighan as veciñas
como chor' ela cuitada | <i>oub miña vida
vida del alma</i> |